

**Acta núm. 20/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 13 de agosto de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 13 de agosto de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2019, DO 31.07.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO.
- 4º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2019, DO 31.07.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 31.07.2019, acta núm. 19/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FERNANDO VICENTE ABRALDES ROIS, na que comunica que vai substituír unha fiestra e dúas portas, da carpintería exterior da vivenda sita en Avda. Santa Minia nº 20, para garantir as condicións de estanqueidade e illamento.

A parcela onde se pretenden executar as obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,64 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 107,21 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS MANUEL RIVAS GARCÍA, na que comunica que vai construír un peche de separación entre dúas

parcelas sitas no lugar de Estrar, de 40 metros lineais, con bloques de formigón ata unha altura de 1,20 metros e arame por enriba; a altura máxima do peche non será maior de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 6939502NH2464S0001AZ, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A zona que se execute en bloque de formigón quedará convenientemente enfoscada e pintada en cor branca ou unha cor clara e neutra das tradicionais da zona.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 29,43 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMAURY QUINTERO CONSUEGRA, na que comunica que vai construír un peche de separación entre dúas parcelas sitas en Chave de Ponte, de 14 metros lineais aproximadamente, con bloques de formigón ata unha altura de 1,20 metros e arame por enriba; a altura máxima do peche non será maior de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 9011403NH2491S0001JT, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A zona que se execute en bloque de formigón quedará convenientemente enfoscada e pintada en cor branca ou unha cor clara e neutra, das tradicionais da zona.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,57 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,14 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FELIPE LÓPEZ CERQUEIRO, na que comunica que vai facer un movemento de terras nas fincas coas seguintes referencias catastrais: 15013B503002840000MK, 15013B503002830000MO, 15013B503013590000MZ e 15013B503002820000MM, de 30 cm. de alto.

As parcelas onde se pretenden executar as obras aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 395,22 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 459,79 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE RAMÓN BOUZAS FERNÁNDEZ, na que comunica que vai construír un alpendre para gardar aperos de labranza, de 28m², na finca sita no lugar de Vioxo de Arriba – A Luaña.

A parcela (1739406NH2414S0001JQ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O alpendre situarase mínimo a 3 m. de calquera lindeiro e mínimo a 6 m. do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 93,89 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 158,46 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ FREIRE QUINTÁNS, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita en Mourentáns nº9 – Viceso, substituíndo a tella existente por tella nova, colocando canalóns e baixantes, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (1472807NH2417S0001PY) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como VE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 119,40 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 183,97 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TERESA CARMEN LIS MOURIÑO, na que comunica que vai reconstruír un muro de peche de pedra, entre dúas propiedades, de 20 metros lineais, co mesmo material e sen modificar a súa altura.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 6359407NH2466S0001OO, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo

urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,36 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,93 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL CORNES CASAL, na que comunica que vai construír un peche de separación entre lindeiros, de 31 metros lineais, con bloques de formigón e arame por enriba.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 9910628NH3491S0001RJ, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A zona que se execute en bloque de formigón quedará convenientemente enfoscada e pintada, e terá unha altura máxima de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

- A altura máxima do peche será de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,81 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,38 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por HIPOLITO MOURIÑO BOTANA, na que comunica que vai construír un peche no lindeiro oeste dunha parcela sita en Chave de Ponte, de 35 metros lineais, con bloques de formigón e arame por enriba, e unha altura máxima de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 8812101NH2481S0001UQ, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A zona que se execute en bloque de formigón quedará convenientemente enfoscada e pintada, e terá unha altura máxima de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,75 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 90,32 euros.

3º) APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 06.08.2019 de prezo público para a asistencia á actividade: Vacacións para terceira idade do Concello de Brión 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas(Permanente de Facenda), en sesión do 08.08.2019.

Vistos o informe técnico de servizos sociais do 02.08.2019 e o informe de intervención do 02.08.2019.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade: Vacacións para terceira idade do Concello de Brión 2019, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público por persoa en habitación dobre: 750,00 €.
- Prezo público por persoa en habitación individual: 844,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González